


## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL TEO

*Aprobación inicial de desafectación de camiño público*

### ANUNCIO

**Asunto: Aprobación inicial de desafectación de camiño público.**

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 24 de abril de 2019, acordou aprobar inicialmente a desafectación do camiño público proveniente da concentración parcelaria de Lampai, que atravesaba a parcela 62 da citada concentración, dividíndoa en dúas partes, e que partindo da fonte pública no seu extremo oeste, vai a unirse con outro camiño de titularidade municipal no regato polo que discorre pola metade da parcela 62 no seu extremo leste, camiño que ten aproximadamente unha superficie de 71 m<sup>2</sup>, segundo o detalle que se grafía de seguido.



A desafectación en cuestión responde á pretensión de permutar o camiño, unha vez desafectado, por un anaco da parcela 62 propiedade de D. Julio R. B., sito ao noroeste da mesma, e que linda coa parcela municipal existente na que se sitúan o lavadouro municipal e a fonte pública, cunha superficie aproximada de 71 m<sup>2</sup>.

Por medio do presente e de conformidade cos artigos 89 da LRBRL e 8 do RBEL, sométese o expediente a información pública, mediante a inserción do anuncio no BOP, no taboleiro de edictos, na web municipal ([www.teo.gal](http://www.teo.gal)) e na sede electrónica do concello de Teo, para que as persoas interesadas poidan formular as reclamacións que estimen pertinentes, no prazo dun mes, que se computará a partir do día seguinte ao da publicación do presente no BOP.

Teo, 25 de abril de 2019

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

2019/3220